



A Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica (CACFT) reunida en data 11 de xuño, á vista da avaliación achegada pola Comisión de Farmacia e Terapéutica da Área Sanitaria de Santiago de Compostela e Barbanza, e da Área Sanitaria de Vigo **CONSIDERA PERTINENTE**, de acordo á instrución 4/2010 do 26 de abril da Xerencia do Servizo Galego de Saúde, a inclusión do medicamento considerado de alto impacto, sanitario, social e económico:

ISAVUCONAZOL

no tratamento de:

- **Aspergilose invasora** en pacientes nos que o voriconazol non é adecuado por intolerancia, por necesidade de empregar a vía intravenosa e presentar unha insuficiencia renal ($Cl_{Cr} < 50$ ml/min, técnicas extracorpóreas de depuración renal), e pola imposibilidade de manexo das interaccións con medicamentos inmunosupresores.
- **Mucormicose** en pacientes para os que a anfotericina B liposomal non é apropiada. A elección entre posaconazol* e isavuconazol basearase fundamentalmente en criterios de eficiencia

**Global guideline for the diagnosis and management of mucormycosis: an initiative of the European Confederation of Medical Mycology in cooperation with the Mycosis Study Group Education and Research Consortium*

ECIL-6 (The European Conference on Infections in Leukemia) guidelines for the treatment of invasive candidiasis, aspergillosis and mucormycosis in leukemia and hematopoietic stem cell transplant patients

Jorge Aboal Viñas

O presidente da Comisión Autonómica Central de Farmacia e Terapéutica

Comisións de Farmacia e Terapéutica dos centros hospitalarios do Servizo Galego de Saúde

